

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DENDE A BIBLIOTECA
A AUGA NA CONTORNA DE TUI: UN TESOURO A DESCUBRIR

Concurso de Traballos por Proxectos 2015

CRA MESTRA CLARA TORRES CÓDIGO DE CENTRO 36024112
CURSO 2014-15

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO : A AUGA NA CONTORNA DE TUI, UN TESOURO A DESCUBRIR

ENLACE BIBLIOTECA DO CRA MESTRA CLARA TORRES

<http://bibliotecamestraclaratorres.blogspot.com.es/>

ENLACE DO PROXECTO :<https://sites.google.com/site/aaugaentui/home>

DOCUMENTAL GRÁFICO:

<https://www.dropbox.com/s/hd2w4iprficl73g/PDI%20A%20AUGA%20NA%20CONTORNA%20DE%20TUI%20avi%20DEFINITIVA.mp4?dl=0>

FESTA DA AUGA NO PARQUE DE LEZER O CASTELINHO (VILANOVA DE CERVEIRA-PORTUGAL):

https://www.dropbox.com/s/8q4p93enm5zaj22/FESTA%20FIN%20DE%20CURSO_%20UNHA%20FESTA%20CON%20MOITA%20C%20MOITA%20AUGA.mp4?dl=0.- INTRODUCCIÓN:

1.1 XUSTIFICACIÓN: O Proxecto documental Integrado que presentamos é multicontextual, global, multitemático E AO MESMO TEMPO EMPREGA RECURSOS DE EUROCIDADE TUI-VALENÇA, VILANOVA DE CERVEIRA e parte da reflexión "A auga está en nós". A auga forma parte da nosa contorna natural, do noso patrimonio etnográfico. A auga é un BEN PERECEDEIRO e UNHA FONTE DE VIDA, pero a pesares de estar presente É INVISIBLE e agochada a súa importancia. O PDI creado e deseñado para desenvolver este curso denomínase: "**A AUGA NA CONTORNA DE TUI: UN TESOURO A DESCUBRIR**"

A auga forma parte da vida do alumnado aínda que pareza imperceptible e, por ese motivo, tratarase de visibilizar a importancia e utilidade da auga. A auga é VIDA, a auga é fonte de SAÚDE. O tratamento será global, multicontextual, comunitario e aberto á realidade SOCIAL e CULTURAL. Un dos enfoques metodolóxicos será A APRENDIZAXE SITUADA (LAVE e WENGER, 1991) como fórmula que levará ao alumnado a aprender en comunidades de aprendizaxe no seu medio. Por outro lado, abordaremos a temática da auga dun xeito globalizado e integral. A auga está nas billas, na lavadora, nas botellas de auga, nos charcos, nos regatos ou nas fontes. Pero, ás veces, non se ten conciencia da súa necesidade e de que forma parte do noso corpo e dos alimentos que saboreamos cada día. Este proxecto desenvólvese a través de diferentes UDIS (onde está a auga no meu corpo?, onde están os nosos muiños?, cando imos ás fontes?, elaboración de dípticos para o consumo responsable, animais do río e do mar,...)





A fundamentación está baseada en que é importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas acción e sempre partindo da contorna social, cultural e natural. Desenvolver aprendizaxes competenciais era o obxectivo inicial e para iso debíamos partir de **aprendizaxes situadas (LAVE E WENGER)**, é dicir, vinculadas a un determinado contexto. Esta visión da aprendizaxe contextualizada ou situada conecta cunha ampla tradición de teorías e prácticas educativas que agora ven reforzado o seu valor (Dewey, Vigostky, Freinet, Decroly, Freire ...).

1.2 CALENDARIO DE REALIZACIÓN:

CALENDARIO : Todo o curso escolar. Ao ter as aulas dispersas polas parroquias e ter horarios de especialidades diferentes existe a necesidade de integrar o proxectos durante a semana. As titoras decidían o día ou días da semana nos que se desenvolvía o proxectos.

1.3 PARTICIPANTES

ALUMNADO PARTICIPANTE: 120 alumnos-as de E.I.

PROFESORADO PARTICIPANTE: Todo o profesorado

EQUIPO DINAMIZADOR: Orientadora do centro e equipo de biblioteca

1.4 ORGANIZACIÓN

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Este proxecto non supuxo grandes cambios na organización e o funcionamento do centro simplemente optimizar os recursos documentais e os recursos humanos. Aproveitaronse as posibilidades das TICS e deseñouse unha web temática para o proxecto e así o profesorado podía ter todos os recursos a man en calquera momento. Amáis cada docente, familia, cidadá podía ofrecer ao equipo dinamizador recursos. Esta web foi un recurso VIVO, foi unha ventá aberta ao contexto e unha fonte de información: <https://sites.google.com/site/aaugaentui/home>

Como nos organizábamnos?

- 1 biblioteca central
- 9 bibliotecas nas aulas con lotes de libros itinerantes
- Alomenos 2 días á semana o proxecto era imlementado polas titoras ou profes de apoio



- O Equipo de actividades complementarias organizou saídas relacionadas co proxecto: Un nadal de pingas, Entroido de auga, Maios de auga, Imos polo Río Miño, Festa da auga en VILANOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL) visitando o AQUAMUSEUM e o PARQUE DE LEZER O CASTELINHO.
- O D.Orientación desenvolveu e dinamizou co Equipo de Bibliotecas a creación de recursos didácticos que tivesen en conta as necesidades educativas de apoio educativo.
- Adquisición de fondos específicos para as aulas: carátulas cine, folletos de publicidade, libros temáticos,
- Unha vez á semana o equipo de BIBLIOTECA era encargado de cambiar os lotes de aula.
- As titoras tiñan os recursos na web temática pero tamén na Sede do CRA e recollían os recursos necesarios.

ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

A AUGA NA CONTORNA DE TUI: UN TESOURO A DESCUBRIR desenvolveuse en grupos cooperativos heteroxéneos e mixtos en canto a sexo e idades (4 nenas e nenos) 1-2 sesións por semana. Nalgunha das aulas se fixo necesario facer diferentes acoplamentos nos membros do grupo.

A temporalización foi dende outubro de 2014 ata xuño de 2015. O proxecto tivo as seguintes fases:

1 fase, FASE DE INTRODUCCIÓN, MOTIVACIÓN, PREPARACIÓN.- Nesta fase dinamizábanse as actividades de motivación, introducción e coñecementos previos a partir dun documental como "aperitivo" ao que seguía un debate sobre o visionado. Ao seguinte día entraba en acción unha **CAIXA TRAPALLEIRA, CAIXA MÁXICA** na que existían obxectos, imaxes, libros, COPIAS DE CADROS, CARÁTULAS, carteis,...relacionados co proxecto. O alumnado debería descubrir cal era a temática. Algunha das subfases eran:

-valoración dos COÑECEMENTOS PREVIOS (que sabíamos) para continuar a rexistrar nun **PANEL-MURAL** o QUE DESEXABAMOS COÑECER OU SABER (guión-índice do traballo) ONDE IMOS BUSCAR A INFORMACIÓN, CATEGORIZACIÓN DA INFORMACIÓN e para rematar REXISTRAR TODA A INFORMACIÓN OBTIDA a modo de conclusión e síntese.

-OPERACIÓN RASTREXO ou CAZA TESOUROS NA BIBLIOTECA onde o alumnado tivo que ir buscando fontes documentais relacionados coa temática (CONTOS, LIBROS, CDS, webs, DVD CINE, ENCICLOPEDIAS,...). Análizáronse recursos como documentais creados polo equipo de biblioteca e outros recursos web de CAILLOU, POCOYÓ, PEPPA PIG, etc

2 fase, FASE DE DESENVOLVEMENTO E CONSOLIDACIÓN.-

Dentro desta fase pasamos por diferentes momentos e/ou secuencias didácticas ESTABLES:

-DESEÑO DO RECANTO DO PROXECTO como espazo físico

-CREACIÓN DE BANCO DE VOCABULARIO E IMAXES: no ordenador ou ordenadores da aula existía un ARQUIVO-CARTAFOL DO PROXECTO no que cada día o alumnado e o profesorado ía enchendo a modo de BANCO DE RECURSOS sobre o tema para logo poder crear os propios contidos (etiquetas, imaxes, memorys, vocabulario, carteis, notas informativas,...) FOI UNHA FASE EMINENTEMENTE CREATIVA E DE PESCUDA ONDE as competencias en

CCL, CAA, CSIEE, CSC,CCA, CD tiveron un papel relevante pois o tratamento da información así o requería. Algúns materiais creados tiveron relación coa linguaxe, lóxica-matemática, pintura, poesía, cine, tics, etc. Deseño de actuacións consumo responsable, creación de carteis, a auga na pintura,....

Tamén aproveitamos a temática para crear recursos para conmemoracións: día da biblioteca, Nadal, entroido, maíos.



FASE 3: AVALIACIÓN CON ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN: Nesta fase realizouse un proceso de valoración do realizado (que aprendemos de novo) e aproveitar as datas deo mes de maio para visitar entornos que estiveramos traballando: PASEO POLO RÍO MIÑO, VISITA A UN BALNEARIO, VISITA AOS BOMBEIROS, MUIÑOS, CHARCAS, ROTEIROS DE AUGA, VISITAAO AQUAMUSEUM E PARQUE DE LEZER O CASTELINHO EN VILANOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL), INVENTARIO DE RECURSOS DE AUGA E CONFECCIÓN DUN MAPA. Amais realizaron un móbil cun pequeno resumo do proxecto.

https://www.dropbox.com/s/8q4p93enm5zaj22/FESTA%20FIN%20DE%20CURSO_%20UNHA%20FESTA%20CON%20MOITA%2C%20MOITA%20AUGA.mp4?dl=0

AO LONGO DO PROXECTO traballáronse as tres áreas curriculares, diferentes bloques de contidos relacionados con el, tanto de forma global como de forma máis específica. O alumnado e o profesorado pescudaron en fontes documentais relacionadas co tema e incluso o alumnado atopou e empregou outras fontes bibliográficas que nun principio non estaban previstas ben porque atoparon vestiario que lles gustou ou estampados en roupa que lles chamou a atención,...O manexo por parte das nenas e dos nenos das bibliotecas de aula, con sistemas sinxelos de clasificación e localización, tanto de libros de consulta, como daqueles elaborados na aula, foi un recurso importante para o desenvolvemento de actitudes indagatorias; ao igual se favoreceu que consulten bibliotecas externas, físicas ou virtuais. Ademais como formas de apoiar o rexistro e busca de información por parte das criaturas, animouselles a debuxar, calcar, montar álbums, facer coleccións..., entre outras.

O proxecto foi un **proxecto vivo, aberto as iniciativas do alumnado sobre todo e creándose e recreándose continuamente.**

A través da BIBLIOTECA DE CENTRO posibilitamos unha nova forma de realizar UD e deseñamos 3 UDIS e, ademais, tratamos de que a biblioteca non fose un apoio senón A XERADORA DE COÑECIMENTO. Os docentes fixeron posible que o alumnado se acercase de maneira sistemática ás NOTAS INFORMATIVAS, CARTEIS, TEXTOS XORNALÍSTICOS, TEXTOS PRESCRITIVOS, NARRATIVOS, LITERARIOS, PUBLICITARIOS,... para poder comparar.

Resultou exitoso escribir notas informativas, recollendo propostas, escribindo textos colectivos, individuais..., lendo contos, cartas, textos científicos... o que promoveu enriquecer a comprensión e a produción lingüística mediante a linguaxe oral, é recomendable propiciar permanentemente actividades relacionadas coa lectura de libros, folletos, publicidade, dramatizacións, recordos,...

Brindouselles ás criaturas oportunidades para que creen os seus propios textos, con diferentes recursos –escritura non convencional ou si, debuxos, ditándolles a unha persoa escritora competente para que transcriba...– e con diferentes propósitos.



Proxectos desenvolto nas aulas: as ras, os bombeiros, as quenllas

<http://ospekesdeparamos.blogspot.com.es/search/label/BOMBEROS>

<http://ospekesdeparamos.blogspot.com.es/search/label/PROXECTO%20AS%20R%C3%81S>

<http://escoladeareastui.blogspot.com.es/2015/05/tipos-de-tiburones.html>

1.5 REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES, ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS INTEGRACIÓN CURRICULAR

A temática obxecto da investigación e pescuda imbricábase no Decreto 330/2009 de E. Infantil. En concreto, coa área de IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL e co bloque 4: O coidado persoal e a saúde que inclúe unha serie de contidos que favorecerán que os nenos e nenas vaian adquirindo, na medida das súas posibilidades, a autonomía necesaria en actividades cotiás para atender a súa saúde. Outra área da que precisamos debullar contidos é a de COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO, Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida en canto se precisarán nocións de cuantificación, de medidas, de tamaños,... Bloque 3. Cultura e vida en sociedade para que o alumnado descubra e comprenda progresivamente a importancia da auga na vida,... Por outra parte, para complementar a perspectiva globalizadora na etapa de E. Infantil precisase botar man dos instrumentos da área de COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN a través dos bloques de contidos Linguaxe verbal/ Linguaxe artística: plástica, musical e corporal/ linguaxe audiovisual para poder comunicarse nenas e nenos coa contorna social e natural na que están insertas expresando os sentimentos e tamén para comprender as representacións da realidade que fan os seres humanos. Do mesmo xeito promóvese a consecución dos obxectivos e dos principios e fins da educación establecidos na L.O.E 2/2006 de 3 de maio, LOMCE 8/2013 e o desenvolvemento da concreción curricular e a proposta pedagóxica do centro. Ao mesmo tempo, permite a consecución do establecido no PE, PXA, Plan Tic, Plan De Convivencia, Plan Lector e a Igualdade entre ámbolos dous sexos.

O proxecto que presentamos pretendeu desenvolver a competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, o tratamento da información e a creación de contidos a partir da biblioteca do centro e das 9 bibliotecas das aulas. Pero a medida que o proxecto se ía artellando y desenvolvendo outras competencias se estaban a desenvolver: a C. social e cívica, C. a aprender, Competencias sociais e cívicas, Competencia en Sentido de iniciativa e competencia en Conciencia e expresións culturais. Neste contexto, a biblioteca desempeñou o papel de **xerador e reforzador aprendizaxes**, de **promoción de aprendizaxes cooperativos**, de **orientación de novas formas metodolóxicas**, de **investigación documental**. A partir da temática a investigar, A AUGA NA CONTORNA DE TUI, non só empregou a biblioteca para ler senón tamén para **buscar, tratar a información e desenvolver aprendizaxes activos e creativos**. A medida que se estaba a crear o proxecto e en función das propostas do alumnado foronse artellando diferentes espazos e modos de aprendizaxe o que repercutiu na contribución do **éxito escolar incentivando a pescuda, a creación de contidos dun xeito consensuado**,...

Tiñamos como prioridade **renovar as prácticas de enseñanza e as de aprendizaxe** provocando unhas aprendizaxes activas e o desenvolvemento da competencia informacional non solo para buscar información senón tamén para producir información.

Ademais, as competencias clave representan un **paquete multifuncional** e transferible de coñecementos, destrezas e actitudes que todos os individuos necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal. Estas deberían ter sido desenvoltas para o final da ensinanza obrigatoria, e actuar como base para unha posterior aprendizaxe como parte dunha aprendizaxe ó longo da vida. (Comisión Europea, 2004: 7) Con este proxecto ofrecéuselle ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos para empregar, facéndolles ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais. Foi fundamental o papel do profesorado para potenciar no seu alumnado unha serie de habilidades de pensamento que lle axuden a encontrar sentido á súa experiencia; isto é, involucrarse en proxectos e actividades que lle fagan observar, pescudar, imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, formular hipóteses, anticipar consecuencias..., habilidades esenciais todas elas para conectar as experiencias presentes coas pasadas, formular problemas, facer estimacións, medir..., ademais de proporcionarlles ás nenas e aos nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e nas habilidades que desenvolveron, co fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.

Por outra parte, quixemos por a BIBLIOTECA ao SERVIZO dos diferentes PROXECTOS e UDIS que no centro se desenvolveron e, ademais era a BIBLIOTECA O REFERENTE PARA o desenvolvemento de MODELOS DE ENSEÑANZA como os cognitivos-constructivos (indagación científica, formación de conceptos), MODELOS SOCIAIS: grupos interactivos, cooperativos, dialóxicos, tutorización entre pares, aprendizaxe xuntos, aprendizaxe por equipos). As **aprendizaxes competenciais** favoreceron **procesos** que foron dende menor a maior complexidade (propiciou a atención a diversidade) como **identificar, coñecer, comparar, valora, determinar, argumentar, estimar, chegar, comparar, contrastar, decidir, revisar, resumir, validar, valorar, predecir, relacionar**

Empregando A BIBLIOTECA COMO CENTRO DE INFORMACIÓN, de recursos de lectura e aprendizaxe favoreceu **a adquisición de competencias clave** para o alumnado (lectura, aprender a aprender, competencia dixital, competencia informacional...). durante todo o proceso a **BIBLIOTECA foi un laboratorio de ideas e espazo de experimentación** no que alumnado, profesorado e familias na que a cultura impresa e a cultura dixital integráronse de forma natural.

Este proxecto deu respostas ás necesidades atopadas partindo do desenvolvemento das CBBB social e cidadá, tratamento da información e competencia dixital iniciativa e autonomía persoal e aprender a aprender como eixos vertebradores do desenvolvemento curricular. Partindo destas competencias é puxemos



en VALOR fórmulas e estratexias para a mellora da DE PROCESOS COGNITIVOS COMO a percepción, atención, razonamento e MODELOS DE PENSAMENTOS COMO o analóxico, analítico, deliberativo, creativo ou crítico.

PROPOSTA DIDÁCTICA

<https://www.dropbox.com/s/x4y451knz4nllrh/PROXECTO%20%20E%20TRANSPOSICI%C3%93N%20DID%C3%81CTICA%20A%20AUGA%202014-2015.docx?dl=0>

<https://www.dropbox.com/s/r5ko1y97f6ciflg/UDI%20OS%20MUI%C3%91OS%20PROXECTO%20A%20AUGA.docx?dl=0>

1.6 CUESTIÓN METODOLÓXICAS

DINAMIZÁRONSE E IMPLEMENTÁRONSE METODOLOXÍAS para poder dar resposta á necesidade de que o alumnado desenvolve aprendizaxes competenciais. Polo tanto foi necesario por en ACCIÓN DIFERENTES MODELOS DE PENSAMENTO (**reflexivo, analítico, lóxico, analóxico, crítico, deliberativo, creativo, práctico, sistémico**) polo que A BIBLIOTECA foi un escenario de *"ideas e de experimentación no que alumnado, profesorado e familias compartiron inquiredanzas, formación e lecer e nas que a cultura impresa e a cultura dixital se integraron de forma natural"*

Por outra parte, tivemos en conta diferentes **MODELOS DE ENSEÑANZA** como os cognitivos-constructivos (**indagación científica, formación de conceptos**), **MODELOS SOCIAIS: grupos interactivos, cooperativos, dialóxicos, tutorización entre pares, aprendizaxe xuntos, aprendizaxe por equipos**), **PERSONAIS (grupos interactivos) promovendo** o manexo por parte das nenas e dos nenos de bibliotecas de aula, con sistemas sinxelos de clasificación e localización, tanto de libros de consulta, como daqueles elaborados na aula, como un recurso importante para o desenvolvemento de actitudes indagatorias; Todo o anterior propicio o desenvolvemento da CCL, CAA, CD, CSIEE, CCEC,... **O proxecto desenvolveuse en grupos cooperativos** conformados por 4 nenos-as de diferentes idades. O alumnado de cada grupo tiña diferentes cargos-ROLES: buscar información, de colorear, de SUPERVISOR-supervisora DE TAREFAS, de Corresponsal (que comunica o realizado), quen escribe, quen fai traballar, quen busca no ordenador, quen se encarga do vocabulario do tema,... As tarefas, actividades e exercicios foron DIVERSIFICADAS, VARIADAS, NON REPETITIVAS, APOSTANDO POLA CREATIVIDADE DO ALUMNADO E POLA POSTA EN COMÚN DAS POSIBILIDADES DUNHA FICHA. As propostas de traballo individual eran CONCEBIDAS como algo orientativo e nunca como algo final. O alumnado, sobre todo o de N.E.A.E presentarán propostas para enriquecer-complementar esta ficha ou a tarefa pensada polo profesorado. Esta actividade fai desenvolver a competencia en autonomía e iniciativa persoal, competencia en aprender a aprender, tamén tomar decisións, consensuar, falar, escoitar, mellora a autoestima,...

Os docentes posicionáronse como mediadores entre as criaturas e a cultura, atendendo á diversidade do alumnado e contemplando situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir e outras acompañar. Foi preciso unha observación do que vai ocorrendo para poder facer un seguimento e unha intervención diferenciada e coherente. A partir da observación do que saben, podemos intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos –axudar a reflexionar obre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.

Os espazos empregados estaban situados ao redor da **BIBLIOTECA** para favorecer interaccións a distinto nivel: en relación co grupo-clase, en relación cos grupos de traballo, interaccións individuais da propia criatura con textos, láminas, fondos documentais, etc. Para ofrecer unha intervención que conectase co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura, foi necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado, en relación coa lectura e coa escritura, e do significado que lle atribúen. Debeuse evitar valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo. Foi preciso trocar a idea de evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos das criaturas.

A **distribución da aula**, polo tanto, tiña diversos espazos posibilitando que o alumnado desenvolvese ao mesmo tempo tarefas diferentes.

Para dinamizar os tempos de falar e as conversas en grupo, existía un **espazo grande e amplo** onde o alumnado podía ver as expresións faciais e os xestos de todas as persoas mentres se dialoga.


O **recanto da biblioteca (novas, ordenador, videos, contos, folletos, obradoiro das palabras,...era o lugar** de investigación pero igualmente un espazo para o traballo individual que favoreza a concentración.

2.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

Investigamos sobre a importancia da auga para os seres vivos, onde podemos atopar auga, en qué estado, como é, como está, ...amáis de profesións relacionadas coa auga. (bombeiros, pescadoras e pescadores, actividades de lecer). Por outra parte descubriron que a auga tamén é o escenario ideal para o lecer. Como se ve pescudamos a uaga na vida do alumnado dende unha perspectiva da contorna natural e etnográfica.

3.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Durante o mes de setembro e logo das primeiras reunións da CCP, equipos e Claustro optouse por traballar esta temática como proxecto de centro e que fose o E. de Bibliotecas e o D. Orientación quen deseñase e crease a proposta curricular e didáctica e tamén os recursos esenciais para poñelo en marcha e implementalo. dada a dispersión das ulas buscamos unha ferramenta TIC que integrase tódolos recursos atopados e creados e por iso diseñouse unha WEB



do proxecto con SITES. (<https://sites.google.com/site/aaugaentui/home>) AMAIS PRECISABAMOS EMPREGAR TAMÉN DROPBOX E ISSUU polo que a formación Tic medrou entre o profesorado. A medida que o proxecto foi cobrando VIDA PROPIA en cada aula as titoras ofrecían novos recursos polo que a web tematica ía medrando. Como tamén se quería a participación familiar e cidadá fixemos campaña de publicitacuíón o que fixo que recursos como UNHA PINGA ANIMADA OU DESEÑO DE ROTEIROS DE AUGA chegasen da man da cidadanía a través das redes sociais.


A web este ano serviu como porta ou fiestra aberta de formación e de información, foi unha canle máis de titoría coas familias. cada mes realizábase unha posta en común entre o equipo e as titoras para determinar novas necesidades ou novas ferramentas de búsqueda documental.

4.- DOCUMENTACIÓN PARA O PROFESORADO E PARA O ALUMNADO

As fontes documentais empregadas foron as mesmas para o alumnado que para o profesorado. Amáis o alumnado tiña ao seu dispor recursos didácticos creados polo equipo de persoas que integraban lóxica-matemática, propostas de lectura, dinamización da lectura e escritura, poesías e coplas, música, pintura,... Ademáis empregáronse recursos bibliográficos: Escamilla, A: "Las Competencias en la Programación de Aula. Infantil y Primaria (3-12 años)". Graó. Barcelona. 2009. =Loni Becker, Karen Reid (2000): *Un currículo abierto, flexible, creativo y divertido para 3-6 años*. Narcea, Madrid. = Luengo, F. Y Moya, J. (2011): *Materiales para una ciudadanía activa. Proyecto Atlántida*. Madrid, Walter Kluwer =DÍEZ NAVARRO, M.C. (1998): *La oreja verde de la escuela*. Ediciones de la Torre. Madrid. =DÍEZ NAVARRO, M.C. (2007): *Mi escuela sabe a naranja*. Editorial Graó. Barcelona. =ESCAMILLA, A. (2008): *Competencias básicas: claves y propuestas para su desarrollo en los centros*. Editorial Graó. Barcelona. Bolívar, A. (2008). *Ciudadanía y competencias básicas*. Sevilla: Fundación ECOEM.=Bolívar, A. (2008). *Competencias básicas y ciudadanía. Caleidoscopio* (Revista digital del CEP de Jaén 1, 1-25. Disponible en: <http://revista.cepjaen.es> =Bolívar, A. y Moya, J. (Eds.). (2007). *Las competencias básicas: cultura imprescindible de la ciudadanía*. Carpeta "Construyendo ciudadanía". Proyecto Atlántida. Disponible <http://innova.usal.es/courses/CL8b31/> (Ultimos materiales Atlántida).=Bolívar, A. y Guarro, A. (eds.) (2007). *Educación y Cultura Democrática: el Proyecto Atlántida*. Madrid: Wolters Kluwer. =Bolívar, A. y Moya, J.(en prensa). *Currículum y competencias básicas*. Madrid: Síntesis. 10 ideas clave.Evaluar para aprender Neus SANMARTÍ, Col. Ideas clave, 1. Ed. Graó. Barcelona, 2007.=PUJOLAS MASET, P. (2008): 9 Ideas clave. El aprendizaje cooperativo.ED.T GRAO=PUJOLAS MASET, P. (2010)APRENDER JUNTOS ALUMNOS DIFERENTES.

En canto aos recursos para o alumando estaban na web do proxecto: <https://sites.google.com/site/aaugaentui/home>

5.- TAREFAS RELEVANTES



Existen moitas tarefas desenvolvidas e alguna mostra é: SARAIBA DE LECTURA, PINGAS PARA APRENDER (actividades de lectoescritura), ORBALLO MATEMÁTICO, RECURSOS TIC (miniquest, edilim, bits, en busca do tesouro, tablet,...), MUSIQUEANDO CON PINGAS (descubrimento da música con temática de auga), creación dun BANCO DE VOCABULARIO E DE RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS, DIPTICO CONSUMO RESPONSABLE, ORBALLADA DE



PINGAS, PINGAS DE ARTE (a auga na pintura), PINGAS POLA PAZ, Recreación de arte, RESIO DE CINE (auga no CINECRA), creación de murais relacionadas coa auga o DÍA DA BIBLIOTECA, Murais consumo responsable, PINGAS POLA PAZ, Realización dos disfraces de entroido sobre temática de auga decidindo previamente a temática e argumentando a elección (pingas, arcos da vella, quenllas, esquímós, bombeiros, ...), Maratón de fotografía buscando entornos de auga na contorna, recompilación de entornos de auga para crear un mapa rexistro, PLANTACIÓN DE ÁRBORES NUNHA RIBEIRA, A MUIÑADA, EXPERIMENTOS, AQUAMUSEUM DO RÍO MINHO, PARQUE DE LEZER O



CASTELINHO, SAÚDE no balneario,...

6.-RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Algún dos recursos empregados foron: http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/9002463-Proxectos_Web.pdf, HISTORIA DUNHA PINGA DE AUGA <https://www.youtube.com/watch?v=IQyUgK1RJV0>, mostra pictórica de X.L. DE DIOS, HISTORIA DUNHA PINGA DE AUGA SUBTITULADA (AGASALLO DO ALUMNADO DO GRAO DE PRIMARIA, PONTEVEDRA) <https://www.youtube.com/watch?v=cEilfidi7rs&feature=youtu.be> -A AUGA É VIDA http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos/proyectos2004/andalucia/FORMATO%20WEB/5_2_3.htm

-PINGAS AUDIOVISUAIS <https://www.dropbox.com/s/wihcwhcz6iak5si/PINGAS%20AUDIOVISUAIS.avi?dl=0>, <http://bibliotecamestraclaratorres.blogspot.com.es/2014/12/videos-sobre-auga.html>

CAILLOU <https://www.youtube.com/watch?v=DdPVyWBeONU> PEPPA PIG : <https://www.youtube.com/watch?v=cl4xXYH0moM> POCOYÓ: <https://www.youtube.com/watch?v=xAv1zrV-PUY>

<https://www.youtube.com/watch?v=SS00-KI8cMU&feature=youtu.be>

<https://www.youtube.com/watch?v=fwh13YTBDfk>

<https://www.youtube.com/watch?v=Lxhlm2Kq5Gg>

https://www.youtube.com/watch?v=RJ6e_TFT1O8

<https://www.youtube.com/watch?v=SlahIQoY4ZU>

-AS CORES DO ARCO DA VELLA

<https://www.youtube.com/watch?v=4sCTpmFVF7I&feature=youtu.be> (agasallo do alumnado de 3º de primaria do CP MARTÍN CODAX)

-ENTORNOS ACUIFEROS LIMPOS

https://www.youtube.com/watch?v=zhhAL0ALetA&feature=player_embedded#at=23

-CICLO DA AUGA





<http://jonyclayna.blogspot.com.es/>
<https://www.youtube.com/watch?v=6eIRJBrqw3Q&list=RDDDQyCFMKehY&index=3>
 -IMAXINA UN MUNDO SIN AUGA
<https://www.youtube.com/watch?v=gIE0ijMQle0&index=13&list=RDDDQyCFMKehY>
 -CONSUMO RESPONSABLE DE AUGA
<https://www.youtube.com/watch?v=SS00-Kl8cMU&index=18&list=RDDDQyCFMKehY>
 FOLLETO CONSUMO RESPONSABLE

TREIXADURA: SE CHOVE <https://www.youtube.com/watch?v=6O8j8v9w2B8>

<https://www.youtube.com/watch?v=c-YjicWIUM0>

SMETANA <https://mail.google.com/mail/u/2/#inbox/14a0f2b1cd71081b?projector=1>

<https://www.youtube.com/watch?v=c-YjicWIUM0>

ANIMACIÓN DE VLTAVA (B SMETANA)

J. STRAUSS, DANUBIO AZUL https://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=a0i7LR-W8IU

<https://www.youtube.com/watch?v=4FcTYF00BSg>

VIVALDI ESTACIONES: <https://www.youtube.com/watch?v=GRxofEmo3HA>, <https://www.youtube.com/watch?v=5au40Y074lw>, <https://www.youtube.com/watch?v=Wi06dukrRXs>
 THAIKOVSKY, COPOS DE NIEVE HADAS DE LA NIEVE
 FUXAN OS VENTOS, O MEU AMOR É MARIÑEIRO DEBUSSY, DIÁLOGO EL VIENTO Y EL MAR
 QUEEN <https://www.youtube.com/watch?v=DDQyCFMKehY&feature=youtu.be>

ANDAINAS DE AUGA:

ALTO DO COELLO

<https://www.dropbox.com/s/57r7j9bwlwbra0n/ALTO%20DO%20COELLO.pdf?dl=0>

CABANA-CABACIÑAS-REGATO DE UDENCIAS

<https://www.dropbox.com/s/jhah73qba1z9utu/CABANA-CABACI%C3%91AS.pdf?dl=0>

MONTE DAS PENIZAS

<https://www.dropbox.com/s/lfillks0wpqwx8/MONTE%20DAS%20PENIZAS.pdf?dl=0>

MUIÑOS DO TRIPES


<https://www.dropbox.com/s/ieg24xe6kpdu88v/MUI%C3%91OS%20DO%20TRIPES.pdf?dl=0>

REGO DA PEDRA

<https://www.dropbox.com/s/sv7f3x6fd7m3cwh/REGO%20DA%20PEDRA.pdf?dl=0>

SAN FINS

<https://www.dropbox.com/s/8llcurnaicezzcl/SAN%20FINS.pdf?dl=0>



VOLTA DO MATUTE-SAN MARTIÑO

<https://www.dropbox.com/s/eyrwk47sx5yvixx/VOLTA%20DO%20MATUTE-SAN%20MARTI%C3%91O.pdf?dl=0>

7.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DA CIDADANÍA

Expor que este proxecto foi global, multicontextual e sobre todo comunitario. Para os inicios contouse coa colaboración e participación das familias xa que a participación delas é un dos sinais de identidade do centro. A medida que o propio proxecto se foi asentando foi medrando en canto a temáticas e precisou da implicación dunha modista, da cidadanía para buscar roupa e darlle outra vida as prendas, asociacións como CARITAS ou S.O.S. BAIXO MIÑO, Concellería de Educación e C. de Servizos Sociais aportando o mobiliario para por o mercadillo. Foi salientable a colaboración de persoas anónimas que nos axudaron ofrecendo roupa (por exemplo o CPR. MARTÍN CÓDAX que se enterou polas redes sociais e medios de comunicación) ou para o proceso de empaketado, lavado, dobrado,...pois a cantidade de prendas foi tanta que non dabamos feito.

8.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA E CIDADANÍA

O proxecto foi publicitado na web do centro, na prensa, na radio municipal e nas redes sociais.

9.- AVALIACIÓN REALIZADA

A avaliación pretendeu coñecer o grao de satisfacción do alumnado e profesorado e o grao de consecución dos obxectivos. Amáis favoreceu o coñecemento do **proceso de ensinanza** a través de valorar a adecuación do ambiente-escenario de aprendizaxe (espazos tempo, recursos), visibilizar a coherencia e utilidade dos principios metodolóxicos implementados, recoñecer a funcionalidade dos agrupamentos e o papel do alumnado e profesorado, valorar o grao de integración da contorna no currículo. Polo que se refire ao **proceso de aprendizaxe** tivemos en conta tres niveis ou rangos de desempeño nos diferentes indicadores para adecuarse ao D. 330/2009. Exemplos: Identifica o valor da auga, Recoñece utilidades da auga , Localiza cadros, contos e imaxes relacionas coa auga, Atopa 5 recursos web, imaxes e textos, Identifica as propiedades da auga, Gusta de participar na confección de murais, carteis, textos, Participa con gusto en actividades de lecer con auga, Participa activamente e autonomamente na confección de notas informativas, Aplica o vocabulario traballado para elaborar textos, Aporta imaxes de lugares de lecer, Identifica accións dos sentidos relacionadas coa auga: beber, ulir, tocar,..., Identifica en mostras pictóricas sentidos e auga, Transcribe, copia ou escribe textos, palabras relacionadas coa temática, Aplica o vocabulario para crear e expresarse, Localiza os estados da auga en diferentes fontes, Emprega as diferentes linguaxes para tratar a temática, Realiza etiquetas sobre a temática para realizar rotulacións

Os Procedementos e Instrumentos-técnicas de Avaliación:

cóidame.

Observación directa e indirecta de todo o proceso, Diarios, rúbricas, caderno de notas, listas de control, Producións propias, Asembleas, xogos avaliativos.

SON UN TESOURO

Debates, Postas en común, Portfolio do alumno,...

Documentos de avaliación: ficha persoal, expediente persoal, informe final de etapa, libro de escolarización,... 10.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

Como xa quedou exposto anteriormente a BIBLIOTECA CENTRAL e as 9 bibliotecas de aula foron os eixos dinamizadores do proxecto COMO CENTROS DE DOCUMENTACIÓN, INFORMACIÓN, de APRENDIZAXES. O traballo e coordinación do EQUIPO DE BIBLIOTECA co Dto. de Orientación foi constante pois con este proxecto promoveuse que os contidos e aprendizaxes foran creados dende este espazo. Cada vez que o alumnado quería pescudar ou buscar información sobre unha temática determinada o equipo de Biblioteca en 48 horas aportaba as fontes documentais ou contidos para o seu desenvolvemento. Co traballo colaborativo promoveuse o deseño de recursos para a estimulación da atención, percepción, memoria, ... para dar resposta ao alumnado con n.e.a.e A coordinadora da Biblioteca e a Coordinadora do D.O. eran as encargadas de dinamizar e animar ao profesorado neste proxecto e se era preciso ían a aula para desenvolver o proxecto se se daba conta que perdía interese. En concreto a complexidade deste proxecto non se podería desenvolver con tanto éxito curricular, de aprendizaxes, de implicación das familias,...senón estivese coordinado, dinamizado polo EQUIPO DE BIBLIOTECA sobre todo tendo en conta as distancias en kms. entre as aulas e sabendo que soamente 1 vez á semana o profesorado estaba reunido.

Foi, en definitiva, un PROXECTO ITINERANTE, UNHA BIBLIOTECA ITINERANTE QUE COBRABA NOVAS VIDAS EN CADA AULA. Engadir e salientar a IMPLICACIÓN DA CIDADANÍA aportando PROPOSTAS DE ANDAINAS DE AUGA para realizar co alumnado e coas familais os fins de semana, Ter a colaboración de técnicos Medioambientais facendo de guías no MAIO DE AUGA e Poder ter A NOSA PROPIA MASCOTA DE AUGA ANIMADA. <https://sites.google.com/site/aaugaentui/a-nosa-pinga-animada>

Como conclusión expoñer que ao ser un centro de EDUCACIÓN INFANTIL a complexidade do desenvolvemento do proxecto ampliase pois non temos alumnado dinamizador do proxecto de E.P. que puidese ampliar o campo de indagación, que promovese o interese nos máis cativos, que fixese de guía de aprendizaxe,...